



Diversas formas, distintos tamaños, todas esas viviendas, todos esos edificios pódense adaptar, como sempre o fixeron, aos novos usos.

Os tipos de vivenda

10. Que son?

En Galicia herdamos un valioso patrimonio composto por edificios, vivendas e variados elementos urbanos, como cruceiros, lavadoiros e outros, que forman conxuntos. Non todos teñen a mesma historia. Ás veces non presentan o mesmo valor illados que como conxunto. As vivendas, aínda que non teñan a mesma superficie, pódense agrupar por tipos segundo a disposición da esca-leira ou o número das súas fachadas e das fiestras ou a forma xeral da planta.

11. Para que valen?

Para conservar a diversidade dos tipos de vivendas, edificios e outros elementos urbanos é manter a memoria histórica dos nosos lugares e cidades. Trátase de conservar a nosa memoria histórica, a nosa personalidade. Temos que saber que, ademais, o que herdamos permite aínda aloxar diferentes formas de vida tradicional ou moderna. Hai moita variedade de persoas e sen esa variedade de vivendas e posibilidades de uso a vida nos nosos lugares e cidades empobrécese.

12. Pódense modificar?

As vivendas e edificios pódense modificar nalgúns aspectos e adaptarse aos distintos modos de vida. Hai que ter sempre en conta as características esenciais da nosa vivenda ou edificio antes de realizar as obras que melloren a nosa forma de habitar e obter o confort que desexamos. A nosa vida é compatible coa conservación dos elementos característicos.